

Miñoa e ourizo

 XERAIS



Título:

Miñoa e ourizo

Autor:

Ramón D. Veiga

Ilustrador:

Ivan R.

Colección:

Cómic

Nº páxinas:

56

ISBN:

978-84-1110-287-2

O autor

Ramón D. Veiga. Licenciado en Filoloxía Hispánica, traballa no eido da edición. Ten publicados os seguintes títulos para o público infantil: *Violeta quere ser vampiro. Un Conto do Samaín* (Xerais, 2017), *É tempo de Entroido!* (Xerais, 2018), *A araña que lles tiña medo ás arañas* (Xerais, 2019), *Meigas fóra!* (Xerais, 2020), *Non pare a festa* (Xerais, 2021), *De festa en festa* (2022), *Gloria* (2023), *Inventario de bruxas da avoa Maruxa* (2023), *Violeta ás agachadas* (Xerais, 2023), *Maios e desmaios* (Xerais, 2025) e *Vigo pequeno* (Xerais, 2026). Tamén é autor das series *Miñoa* (Xerais, 2021/2022/2023/2024) e *Fani e Dani* (2023/2024), e colaborou no volume colectivo *Era outra vez* (2022) coa adaptación do conto de Óscar Wilde *O xigante egoísta*. En 2021 gañou o Premio Arume de Poesía para a Infancia con *Violeta Paraphuie e outras historias de xente pouco corrente* (2022) (Selección OEPLI, 2022 / Premio Frei Martín Sarmiento, 2024); en 2022, o XV Premio El Príncipe Preguntón de Poesía para Niños con *O delirante restaurante de Héitor Mórtimer e a súa clientela aberrante* (2023); en 2023, o Premio Anisia Miranda de Teatro para a Infancia con *Medo me dá!* (2024) (Selección OEPLI, 2024) e en 2025 o I Certame Literario Jaime Olmedo Limeses con *Pernascochas* (2025). Publicou os contos en liña *#EuQuedoNaCasa* (2020), sobre o confinamento provocado pola covid-19; *Bombas de chocolate* (2022), sobre a guerra de Ucraína e *Sucedeu en Samede*, sobre a celebración do Entroido nesta localidade (2024). Para o público adulto publicou *Zoom* (Xerais, 2022) e a plaquette *Casa pequena* (2025), que acadou o terceiro premio no Certame Internacional de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro de Cornellà. Parte da súa obra está traducida ao catalán e ao castelán.



Resumo argumental

Miñoa vai arrastrándose polo chan ata que atopa a Ourizo, que anda algo triste porque non pode durmir sobre as súas pugas e as picadas fano sangrar. Ourizo dubida de que Miñoa teña sangue, aínda que ela asegura que si ten. Entón hipnotízaa e átaa para guindarlle unha das súas pugas. Ourizo comproba que Miñoa si sangra, e esta esíxelle que lle pida perdón. Ourizoponse moi aflixido e pídelo perdón, e mesmo a convida a unha pizza. Cando, ao final, Ourizo xa pensa que son amigos, Miñoa, que aínda está algo doída, prefere deixalo coa dúbida.

Temas e valores

A amizade

No cómic assistimos á forxa dunha amizade, coas súas dúbidas, malentendidos e mesmo desencontros.

A tenrura do absurdo

A historia bascula entre o absurdo e o tenro dun xeito cheo de comicidade.

Menos é máis

A virtude do cómic é que consegue crear un pequeno universo cunha historia moi sinxela e un estilo de debuxo minimalista, pero expresivo.

Actividades

Antes da lectura

- Unha historia entre todos e todas. O profesorado propón unha frase de inicio. Por exemplo: "Cando chegou, nada foi como esperaba". A seguir, o alumnado irá engadindo máis frases ata que o conxunto conforme unha historia.
- Observar os retratos dos autores nas lapelas do libro. Que os alumnos fagan retratos dos seus compañeiros e compañeiras seguindo o estilo de liñas limpas do cómic.

Despois da lectura

- Cada alumno debuxa unha viñeta na que aparezan Miñooca e Ourizo e na que se representen os seguintes estados de ánimo: dor, dúbida, alegría, perplexidade, indiferenza.
- Conversa colectiva arredor destas cuestións: Pode haber amizade despois dun conflito? Que cousas poden facer dano a unha relación sen querer? É fácil pedir perdón? Por que?

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que aparezan estas palabras relacionadas coa historia de *Miñoa e Ourizo*.

Amizade

Dúbida

Dor

Perdón

3. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que aparezan estas palabras relacionadas coa historia de *Miñoa e Ourizo*.

Confianza

Medo

Sangue

Erro

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que aparezan estas palabras relacionadas coa historia de *Miñoa e Ourizo*.

- Tristeza*
- Arrepentimento*
- Reconciliación*
- Risa*

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Explica coas túas palabras esta idea presente no libro:


Ás veces, coas mellores intencións, podemos facer dano aos demais.

3. Fai unha valoración persoal da obra.

Puntuación (0-10) _____

Que foi o que máis che gustou? (Explica por que) _____

Que foi o que menos che gustou? (Explica por que) _____



Pedidos a

dpino@cga.es

XERAIS

Doutor Marañón, 12

36211 Vigo

Tel: 986 214 880

xerais@xerais.gal

www.xerais.gal

 XERAIS